

## Índices de competitividade exterior

### NOTA DE PRENSA

---

## **O IGE presenta os índices de competitividade exterior que permiten medir o comportamento da economía galega nos mercados internacionais**

O Instituto Galego de Estatística (IGE) coa operación estatística "Índices de competitividade" trata de obter uns índices que permitan medir a competitividade exterior da economía galega.

O termo competitividade dunha economía soe utilizarse con dúas acepcións diferentes: a competitividade en sentido amplo e a competitividade exterior. En primeiro lugar e nun sentido amplo, pódese afirmar que a competitividade engloba todo o relacionado coa habilidade dunha economía para "alcanzar melloras sostidas no seu nivel de vida, en relación co dos países máis desenvolvidos". En segundo lugar, nun mundo globalizado, se unha economía quere ser competitiva, debe ser capaz de participar nos intercambios comerciais de maneira eficaz. Por esta razón, o termo competitividade a miúdo se asimila con esta capacidade, que é a denominada competitividade exterior.

Para analizar esta competitividade exterior pódense utilizar unha serie de indicadores que se agrupan en dúas grandes categorías:

- Indicadores de comportamento ou indicadores ex-post.
- Factores determinantes ou indicadores ex-ante.

Os índices de competitividade publicados polo IGE procuran cubrir estes dous aspectos da competitividade exterior:


- Obter anualmente o saldo comercial, a taxa de apertura, as cotas de exportación mundiais e o ratio de penetración das importacións no mercado interno como indicadores ex-post
- Medir a evolución dos prezos dos produtos de Galicia no resto do mundo. Son indicadores ex-ante e poderíanse denominar índices de competitividade en termos de prezos e custos.

### **Indicadores de comportamento**

A valoración da posición competitiva da economía galega realizase, nunha primeira aproximación, a partir do seu comportamento nos mercados internacionais. Entre os indicadores que tratan de avaliar este comportamento, destacan as cotas de exportación e a

penetración das importacións no mercado interior, que sintetizan a capacidade de incrementar a súa presenza nos mercados nacionais e internacionais.

No seguinte gráfico presentamos a cota de exportación fronte á OCDE e a ratio de penetración das importacións. Podemos observar como a capacidade para aumentar a presenza nos mercados internacionais foi aumentando e como a demanda interna tendeu a satisfacerse de maneira crecente con produtos importados.



Fonte: IGE. Índices de competitividade exterior

Cotas de exportacións: porcentaxe de exportacións dun país (rexión) destinadas a outro país ou grupo de países sobre o total de importacións efectuadas polo país ou grupo de países de destino.

Ratio de penetración das importacións: é o cociente entre importacións e demanda interna.

### Índices de competitividade de prezos e custos

Para a interpretación dos índices de competitividade de prezos e custos hai que ter en conta que unha evolución crecente dos índices supón unha diminución da competitividade e viceversa, unha diminución dos índices supón un aumento da competitividade.



O exame da evolución da competitividade de Galicia en termos de prezos e custos para o período que vai dende 1996 ata finais de 2009 pon de manifesto un descenso da competitividade de Galicia fronte aos mercados nos que compite. Nos mercados da Unión Europea, principal destino das vendas de Galicia, este descenso está motivado polo maior crecemento dos prezos en Galicia que nos países do seu entorno comercial. Fronte a países

que non comparten moeda, a compoñente nominal fai que Galicia tamén perda competitividade, como resultado da apreciación do euro durante este período.

A continuación analízase a información con máis detalle, por tipo de indicador de prezos e por grupos de países competidores:

### Unión económica e monetaria

Con respecto a esta zona os distintos indicadores mostran un maior crecemento relativo dos prezos en Galicia que a media dos socios comerciais da zona. Este perfil cambia a partir de mediados de 2008, momento no que todos os índices indican unha mellora da competitividade. O índice calculado con custos laborais unitarios de manufacturas presenta unha evolución diferente que os demais índices nos primeiros cinco anos da serie, mentres os outros índices indican perda de competitividade, segundo os custos laborais unitarios estaríase a gañar competitividade dende 1996 a 2000.





Fonte: IGE. Índices de competitividade exterior

Nota: Datos provisionais

UEM: Unión Económica e Monetaria

### Unión Europea

O comportamento dos índices con respecto á Unión Europea é similar ao comentado con respecto á zona euro, a razón deste parecido é que os principais socios comerciais galegos dentro da Unión Europea están na zona da moeda única. Non obstante, nos primeiros oito anos das series parece que a perda de competitividade é menor; a pendente dos índices é menor.





Fonte: IGE. Índices de competitividade exterior

Nota: Datos provisionais

## OCDE

A competitividade en termos de prezos e custos con respecto á OCDE presenta un primeiro período que vai dende 1996 a finais de 2001 no que a economía galega se mantivo estable na evolución da competitividade; seguida doutro período, que remataría a mediados de 2008, no que se produce un descenso da competitividade. A partir de mediados de 2008 volve a ascender con esta medida da competitividade.





Fonte: IGE. Índices de competitividade exterior

Nota: Datos provisionais

## G8

Con respecto a esta área económica, a situación é similar á comentada para a área da OCDE.




Fonte: IGE. Índices de competitividade exterior

Nota: Datos provisionais

G-8: Estados Unidos de América, Canadá, Francia, Alemaña, Italia, Reino Unido, Xapón e Rusia.

## Asia e América

A competitividade vía prezos e custos con respecto a Asia e América presenta un período inicial no que Galicia gaña competitividade (1996 – 2002), seguido dun período de descenso da competitividade (2003 – 2005) e un aumento no último período. En 2009 os indicadores mostran que se está a perder de novo competitividade.



Fonte: IGE. Índices de competitividade exterior

Nota: Datos provisionais

Principais países desenvolvidos de Asia: Xapón, China, India, Corea do Sur e Indonesia.

Principais países desenvolvidos de América: Estados Unidos, Canadá e Brasil.

Pódese consultar a metodoloxía da estatística en:

[http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met\\_indices\\_competitividade\\_gl.pdf](http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_indices_competitividade_gl.pdf)



**Para máis información:**

**Instituto Galego de Estatística**

**Complexo Administrativo San Lázaro s/n**

**15703 Santiago de Compostela (A Coruña)**

**Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>?**

**Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)**

**FAX: 981.54.13.23**

**Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>**